

Belén Quinteiro

DALÍ PINTABA RELOXOS PARA MATAR O TEMPO

Pretendemos fuxir das horas
aínda sabendo que viviamos na súa casa.

E malia pisar forte
para darlle a nosa figura ós días
e andar con pés de lá
para que non nos escoitasen

Nunca conseguimos que o tempo
fose o que a tentas marcaban
as agullas dos reloxos de area.

O SUICIDIO É ALGO ASÍ COMO DICIRLLE A DEUS: NON PODES BOTARME, XA ME VOU EU.

Hoxe á mañá
no bar da esquina
perderon o xornal,
e coma tolos,
clientes e empregados
puxéronse a buscalo.

Porén, eu
hai anos que perdín as ganas de vivir.
E díganme se non é triste
que nin se deron conta,
nin ninguén está a buscalas.

A EXTINCIÓN DA HUMANIDADE

Chegaches
como se xa nos coñeceses a todos,
como se xa habitaras
-tempo atrás-
aquele lugar esquecido
e memorizaras
todos
e cada un dos seus acontecementos.

Chamabas
as cousas polo seu nome,
incluso antes de que tivesen
nome algún,
e conxurabas

paz e tranquilidade
 para todo o pobo
 cando os ollos que habitaban as chairas
 tan só coñecían a guerra.

Mais co tempo
 descubrimos
 que non tan só traías palabras,
 traías, por fin,
 a única salvación do mundo:

A VOZ A TI DEBIDA

As súas palabras son pingas
 de perfume francés.

Se soubese como,
 iríaas gardando
 unha a unha
 no meu peto.

Pero xa ninguén o lembra
 nin as meigas, nin as bruxas...
 Gardar as palabras
 é un misterio que se agocha
 nos cádavos do lume adormecido.

CORTÁZAR

Non adoita dar citas precisas,
 nin escribir en papel raiado,
 nin apertar dende abaixo
 o tubo do dentífrico.

Pero si adoita pousar a mirada no mundo
 e a través da velocidade pactada coa luz
 atopar a arte que esconden os obxectos.
 Non é un soño, pode velo:
 A gran beleza.

E.E CUMMINGS

-Levo toda a noite pensando coma un tolo:
 tocas o violoncello, de acordo;
 pero canto che falta para tocar o ceo?

-Non se pode tocar o ceo,
 nin sequera a poesía
 ten mans tan pequenas.